



CONCELLO DE AGOLADA

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS de OBRAS, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, CON CARGO Á AXUDA OUTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE , AO ABEIRO DA ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2023. TR351F 2023

PRIMEIRA. Normas xerais.

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal que seguidamente se relaciona, ao abeiro da axuda concedida pola CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE en aplicación *ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F).*

Nº postos e Ocupación: 2, PEÓNS OBRAS PÚBLICAS

Servizo: “LIMPEZA E MANTEMENTO DE EDIFICIOS MUNICIPAIS E ZONAS PUBLICAS”

Duración contratación: 9 meses.

Xornada parcial: $\frac{3}{4}$

A selección do traballador será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego (artigo 13 da ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2023), e polo sistema de concurso.

SEGUNDA. Modalidade do contrato

Efectuada a selección das persoas traballadoras, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, segundo o establecido no artigo 13.f ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2023 da CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.





CONCELLO DE AGOLADA

O carácter do contrato é temporal á xornada parcial, (75%), para o servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detallanse seguidamente:

Ocupación: peóns obras públicas.
Grupo de Cotización 10.

Servizo: Limpeza e mantemento de edificios municipais e zonas públicas.
Xornada: Parcial 75%)

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DO SECTOR DE CONSTRUCCIÓN DE PONTEVEDRA, e as táboas salariais para os anos 2022 e 2023 vixentes na actualidade foron publicadas **no BOP Nº. 111, de 09 /06 / 2023**

Retribucións mensuais incluída a prorrata da paga extra segundo resolución.

Ámbito: No termo municipal do Concello de Agolada.

Salario Bruto $\frac{3}{4}$ de xornada (pluses incluídos) 1.314,29 euros.
Nº de postos ofertados: 2

TERCEIRA. Condicións de admisión de aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española. No entanto, teranse en conta os seguintes casos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.





CONCELLO DE AGOLADA

2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Cumprir os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións. As persoas que resulten seleccionadas aportarán antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións (a non presentación con levará a perda do posto).

e) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

Ocupación: peón mantemento

Segundo o artigo 13.d) da orde de convocatoria de axudas do 27 de decembro de 2023 “As persoas traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.





CONCELLO DE AGOLADA

Requisitos específicos:

-Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día sinalado pola oficina de emprego.

CUARTA. Forma e prazo de presentación dos candidatos.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo atendendo aos requisitos establecidos e segundo o previsto no artigo 13 “requisitos da contratación” ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2023, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego. A fin de obter unha lista de candidatos a participar no proceso de selección correspondente.

Non se requerirá, nin admitirán candidaturas mediante a presentación de instancias, toda vez que os candidatos deberán figurar na listaxe remitida polo Servizo Público de Emprego, en contestación á correspondente oferta.

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web www.agolada.es.

Os candidatos/as desempregados/as deberán acompañar no día sinalado pola Oficina de Emprego para a súa presentación no Concello de Agolada, a documentación que se sinala nas presentes bases (orixinais ou fotocopias compulsadas, non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos para ser obxecto de valoración no procedemento de selección, xunto co DNI ou documento similar que acredite a súa identidade e anexo I (modelo de declaración responsable).

QUINTA. Admisión de aspirantes

Despóis de recibida a lista dos candidatos incluídos na mesma e remitida pola Oficina do Servizo Público de emprego, a alcaldía ditará unha resolución, na que declare aprobada a relación de admitidos e excluídos. A devandita resolución, se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web.





CONCELLO DE AGOLADA

Na dita resolución da alcaldía ademáis da aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, se determinará a convocatoria dos membros que constituirán o tribunal que deberán xulgar o procedemento, indicando no mesmo documento o día e hora de celebración das probas. Dita convocatoria se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web.

De non ser preciso ningún trámite de emenda, ditarase unha soa resolución comprensiva de todos os actos anteriormente descritos, en concreto recollerá a lista definitiva de aspirantes admitidos, a composición do tribunal e a data e hora na que se constituirá o mesmo e se celebrarán as probas de selección ás que se convocará aos aspirantes.

SEXTA. Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído por 5 membros entre os que se atopan un Presidente, un Secretario e 3 Vogais.

Formarán parte de dito tribunal as persoas nomeadas polo Concello de Agolada atendendo así mesmo ao establecido na Orde de Convocatoria. ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2023.

Artigo 13. Requisitos da contratación

As contratacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

c) A selección de persoas traballadoras que se contraten será realizada pola entidade local beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente/a e secretario/a e un dos vocais.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.





CONCELLO DE AGOLADA

En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso-oposición debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida segundo os seguintes cadros de valoración. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.”

FASE DE CONCURSO (máximo 4,00 puntos)

Respecto aos méritos computables, será de acordo ao establecido no artigo 13 ORDE DE 27 DE DECEMBRO DE 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social e Galicia (Risga) e se aproba á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024, “Requisitos da contratación”.





CONCELLO DE AGOLADA

Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

Factores, dimensións e indicadores empregados:

1 Número de persoas que compoñen a unidade familiar e que están a cargo da persoa titular da RISGA:

Unidade familiar	Puntuación
Sen persoas a cargo	0,00
1 persoa a cargo	0,50
2 persoas a cargo	1,00
3 persoas a cargo	2,00
4 ou máis persoas a cargo	4,00

2 Experiencia de traballo en anteriores convocatorias de contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, co límite temporal dos últimos tres anos

Experiencia previa na convocatoria en calquera entidade	Puntuación
Ter traballado na convocatoria inmediatamente anterior ou en máis dunha convocatoria (2022)	0,00
Ter traballado en 1 convocatoria anterior non inmediata a actual (2021)	1,00
Ter traballado en 2 convocatorias anteriores non inmediatas a actual (2020 ou anteriores)	2,00
Non ter traballado en ningunha convocatoria previa	3,00





CONCELLO DE AGOLADA

3 Dificultades de incorporación laboral segundo a idade da persoa:

Tramos de Idade	Puntuación
Menor ou igual a 25 anos	0,25
De 26 anos a 34 anos, ambos incluídos	0,50
De 35 anos a 44 anos, ambos incluídos	1,50
Maior de 45 anos	3,00

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 6 puntos)

Consistirá nunha entrevista persoal e curricular realizada polo órgano de selección a fin de concretar a idoneidade do/a candidato/a para o desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado, así como a pertenza a colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, de conformidade co establecido na orde reguladora das axudas, a criterio ponderado do órgano de selección ata un máximo de 6 puntos.

Publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a data, hora e lugar de realización da entrevista.

MÉRITOS

O resultado final do proceso será a suma de todos os méritos anteriores, de producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

No caso de empate, de entre os aspirantes que empataran, terá preferencia o que obtivese unha maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate terá preferencia a persoa de máis idade e de continuar o empate resolverase por sorteo puro mediante extracción dun depósito opaco, de tantas papeletas como candidatos empatados existan para determinar a orde de selección e as contratacións a efectuar.





CONCELLO DE AGOLADA

OITAVA. Relación de candidatos, presentación de documentos e nomeamento.

Unha vez rematada a cualificación da documentación dos aspirantes, o tribunal lles notificará e fará pública a relación de aspirantes aos postos de traballo, coa puntuación provisional acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.agolada.es; os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado este prazo e tras resolver as alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado o Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

Os aspirantes propostos achegarán á administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas toda-las súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENA. Incidencias

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Así mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social. As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.





CONCELLO DE AGOLADA

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es), ante o alcalde do Concello de Agolada, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Agolada e na súa páxina web (www.agolada.es), de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, a Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e outra normativa concordante.

Agolada, a data de sinatura dixital.

O Alcalde

D Luis Calvo Miguélez.





CONCELLO DE AGOLADA

ANEXO I – DECLARACIÓN RESPONSABLE /

TR351F RISGAS

AO SR ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA

D. _____ CO DOCUMENTO*
_____* (APORTARÁ O DOCUMENTO NO MOMENTO DA
PRESENTACIÓN)

Domicilio a efectos de notificacións en.

Dirección postal

Teléfonos de contacto

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

CONTRATACIÓN EN PROCESOS DE RISGA (EXPTR351F) ANTERIORES
A DATA ACTUAL:

Anteriormente fun contratado como perceptor da Risga nos seguintes
anos e lugares

1. Ano	Entidade
2. Ano	Entidade
3. Ano	Entidade





CONCELLO DE AGOLADA

CARGAS FAMILIARES: Que están ao meu cargo as seguintes persoas. (cargas familiares "(conxuxe/parella de feito, fill@s menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento).

- | | |
|----|----|
| 1. | 4. |
| 2. | 5. |
| 3. | 6. |

Declaro coñecer as bases desta convocatoria e aceptar a súa integridade.

Asimesmo, DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.

2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

3.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

4.- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

5.- Declaro a autenticidade dos méritos presentados, así como dos datos que figuran nesta instancia

OUTROS DATOS DE INTERESE QUE DESEXE FACER CONSTAR.





CONCELLO DE AGOLADA

*Quedo informado de que en caso de requerimento me comprometo a presentar acreditación documental da veracidade dos datos manifestados. Non atender dito requerimento no prazo que se indique na comunicación ou de verificarse a non existencia e coincidencia dos mesmos, conlevará a exclusión do candidato do proceso de selección e se dará continuidade ao mesmo.

Para que conste e declarando a veracidade de todo canto cito, asino a presente declaración en Agolada a _____ de _____ de 2024.

Asdo:-

P
R
O
T
E
C
C
I
O
N

d
e
D
A
T
O
S

Os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), proporcionáselle a seguinte información en relación ó tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Agolada, domiciliado en Praza Do Concello CP.36.520 Agolada. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios: Teléfono: 986788062 Correo electrónico: concello@agolada.es

FINALIDADE No Concello de Agolada tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas co fin da xestión dos expedientes administrativos aos que estean vencellados dun xeito indubidable en base a algún interese lexítimo. Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

LEXITIMACIÓN A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais encontra o seu fundamento no cumprimento da misión de interese público. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

DESTINATARIOS Non está prevista a comunicación de datos a terceiros nin a transferencia internacional de datos.

DEREITOS Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si, no Concello de Agolada, estamos tratando datos persoais que lles atañan, ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder os seus datos persoais, así coma a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente. En determinadas circunstancias, os/as interesados/as poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os/as interesado/as poderán opoñerse ó tratamento dos seus datos. O Concello de Agolada deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións. O/a interesado/a ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ó Concello de Agolada nun formato estruturado, de uso común e lexible pola máquina. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito, foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de Agolada de maneira automatizada (medios informáticos).

